



Actividad 3

Consideracións previas

No **ambiental**, o modelo está baseado no **uso intensivo dos recursos da terra**, como base fundamental do sistema de produción e a obtención de enerxía, o que deu lugar a unha **pegada ambiental** que está a xerar unha degradación ambiental cuxa principal consecuencia é o Cambio Climático

Desenvolvemento

Proxectar a infografía de xaneiro e comentala.

Pedir ao alumnado que busque información dos países nos que se está producindo maior deforestación e do uso desa madeira e esas terras deforestadas.

- Onde se está realizando a maior deforestación?
- Para que se deforestan os bosques?
- Que efectos negativos produce a deforestación no medio ambiente?
- E que efectos produce nas persoas que vivían neses territorios, fundamentalmente pobos indíxenas? Buscar información sobre isto.

A partir desta reflexión, analizar que elementos da nosa vida están relacionados coa deforestación dos bosques.

- Elaborar listas que nos permitan identificar facilmente estes elementos.
- Buscar cambios concretos na nosa maneira de vivir que nos permitan evitar as consecuencias máis directas desa deforestación dos bosques.

A partir do traballado nesta actividade, podedes extraer reflexións, conclusións ou ideas que vos permitan expor o guión dunha clipmetraxe.

Actividade 4

Consideracións previas

A persoa que dirixe a dinámica debe preparar tantas fotocopias como persoas participantes haxa, e cada un/unha deberá ter algunha pintura ou lapis para poder marcar as casas.

É importante que, ata o momento da reflexión, non saiban que hai dúas fichas diferentes e que, por tanto, unha parte da clase dispón de menos litros que outra.

A auga que ten cada grupo correspóndese coa media de consumo da poboación europea (ficha 1) e o da poboación de África Subsahariana (ficha 2), ambos por persoa e día. (Datos Aquastat FAO 2016)



Na reflexión final, esta pode orientarse cara ao que significa a falta de auga para as persoas nos países empobrecidos: enfermidades e mortalidade, perda de tempo e esforzo para buscar auga, maioritariamente por parte das mulleres e as nenas, que son as que adoitan realizar esta tarefa, etc.

Desenvolvemento

Pedir aos participantes que pensen cantos litros de auga cren que gastan ao día: no seu aseo persoal, en cociñar, lavar a roupa e beber, etc., e que os anoten nunha folla.

Repartimos unha copia da ficha 1 á metade dos participantes e unha copia da ficha 2 á outra metade e dicímoslles: *“Tedes os litros de auga que vos indica a folla para que poidades pasar o día. Atendendo ás necesidades de auga que apuntastes antes, tedes que trasladar estas á cantidade de auga coa que contades agora, axustando o máximo posible á realidade”*.

Damos cinco minutos para que realicen o exercicio e preguntamos aos/ ás participantes que o comenten. Neste momento descubrirán que están divididos/ as en dous grupos que dispoñen de cantidades diferentes de auga.

A continuación, expomos unha reflexión con todo o grupo:

- Parécenos suficiente a auga que nos tocou?, tivestes dificultades para repartila?, sobrouvos?, necesitádes máis?
- Se dispuxédes de máis auga, teríadela empregado doutra maneira?
- Creedes que estas cantidades que tiñades axústanse á realidade, que son datos reais de consumo de auga? Mostrar a infografía de Consumo de Auga <https://www.fundacionaquae.org/blog/infografias/consumo-de-agua-en-los-hogares-en-espana/>
- Tiñades idea da cantidade de auga que usamos?
- Que consecuencias pode ter no día a día dunha persoa a escaseza de auga, e de auga potable en especial?
- Somos conscientes da cantidade de auga que utilizamos ao longo do día?
- Como poderíamos facer un uso da auga máis responsable? Elaborar unha listaxe de pautas que nos permitan facer este uso máis responsable da auga.

A partir do traballado nesta actividade, podedes extraer reflexións, conclusións ou ideas que vos permitan expor o guión dunha clipmetraxe.



Anexo

Ficha 1

Tes 139 litros de auga para gastar nestas catro actividades básicas:
 Cada cadro de abaixo que pintes de azul representará un litro dos que dispós.
 Organízao segundo as túas prioridades.

Lavar a roupa

Asearse

Lavar os pratos

Facer a comida

Beber



Ficha 2

Tes 52 litros de auga para gastar nestas catro actividades básicas:
 Cada cadro de abaixo que pintes de azul representará un litro dos que dispós.
 Organízao segundo as túas prioridades.

Lavar a roupa

Asearse

Lavar os pratos

Facer a comida

Beber



Actividad 5

Consideracións previas

Seguimos reflexionando sobre as consecuencias ambientais do noso modelo de desenvolvemento.

Explicar o concepto de Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) utilizando como apoio a infografía correspondente.

<http://gestion.manosunidas.org/htmlres/educacion/files/mapa%20IDH.pdf>

O IDH calcúlase a partir de datos referidos a tres compoñentes fundamentais:

- Saúde, centrado na esperanza de vida ao nacer, xa que esta achéganos datos sobre saúde, alimentación e condicións hixiénicas e de vida.
- Educación: nivel de acceso á educación, tanto de homes como de mulleres.
- Nivel económico: Produto Interior Bruto (PIB) por persoa.

Unha vez agrupados os países segundo o IDH, a poboación do mundo quedaría dividida da seguinte maneira (en millóns de habitantes, datos PNUD 2018)

- | | |
|-----------------------------------|-----------------|
| • Desenvolvemento humano moi alto | 1.439,3 millóns |
| • Desenvolvemento humano alto | 2.378,9 millóns |
| • Desenvolvemento humano medio | 2.732,9 millóns |
| • Desenvolvemento humano baixo | 926,2 millóns |

En xeral, canto máis alto é o índice de desenvolvemento humano dun país, maior é o nivel de vida dos seus habitantes. Isto tradúcese tamén nun aumento da emisión de CO2 deses países.

Desenvolvemento

Despois de explicar o concepto de IDH, proxectar a infografía de febreiro e comentar os datos que aparecen nela. Facer ver a relación existente entre o noso nivel de vida e a contaminación.

- Non nos debería facer reflexionar sobre os nosos hábitos e estilos de vida?
- Expuxésteisvos nos vosos día a día a situacións nas que podedes estar a utilizar moita enerxía e aumentando a cantidade de CO2 da vosa pegada persoal?

Imos velo cun exemplo na seguinte actividade



Actividad 6

Consideracións previas

Vivimos nunha sociedade que, en xeral, fai un uso intensivo dos coches para os desprazamentos. Isto dá lugar a unha serie de consecuencias ambientais que merece a pena reflexionar.

Desenvolvemento

A partir dos seguintes datos¹,

		Datos en millóns	
		Habitantes	Coche ²
IDH moi alto	Alemaña	81	45
	EEUU	322	122
	España	46	22
	Francia	64	32
	Italia	60	37
	Xapón	127	61
	Reino Unido	65	34
IDH alto	Brasil	208	35
	China	1.376	136
	México	127	27
IDH medio	India	1.311	22
IDH baixo	Etiopía	99	0,09
	Nixeria	182	3

O alumnado debe calcular:

- Cal é o cociente coche / habitante, en cada un deses países?
- Cal é a media dos tres países con maior cociente coche / habitante?
- Cantos coches serían necesarios para que os seis países de África, América e Asia que aparecen no cadro (os máis poboados deses continentes), tivesen un cociente igual á media dos tres países con máis coches por habitante?
- De que maneira impactaría esta cantidade de vehículos calculada no noso planeta (por exemplo, en canto á necesidade de recursos, combustible, niveis de contaminación, etc.)?
- E, con todo, non teñen todos os habitantes da terra dereito aos vehículos na mesma proporción que nós?

A partir do traballado nesta actividade, podeades extraer reflexións, conclusións ou ideas que vos permitan expor o guión dunha clipmetraxe.

¹ O último ano dispoñible na web de a OICA (organización internacional de fabricantes de vehículos, polas súas siglas en francés)

² Por sinxeleza, excluimos outros vehículos, aínda que poden verse todos os datos na web da OICA.